

Palabras que namoran

Narrativa Tributo á oralidade e metáfora do poder e da derrota, a novela de Freixanes, tensada sobre unha partida de cartas, é relato épico nos anos da Galicia de posguerra



A cega de Miranda // Agneta Von Aisaidler (CreativeCommons)

O escritor limiao Carlos Casares, en *Un país de palabras* (1998), afirmaba a respecto da creación narrativa: “Quero dicir que a miña experiencia de neno que escoita relatos ou de adolescente que presencia sucesos insólitos está marcada fundamentalmente pola sorpresa dos detalles e pola súa dosificación gradual”.

O romance *Cabalo de ouros* (2010) de Víctor F. Freixanes, que tamén sabe do valor dos detalles, é unha homenaxe á forma de narrar tradicional, á oralidade, que tiña nos cegos dos cantares os seus máis destacados representantes. O Quintín de Borela e o cego das Viñas pertencen ao gremio daqueles artistas ambulantes, cronistas animadores de feiras e romarías, contadores de historias rimadas e cantadas durante séculos, que fan soportábel a existencia e animan o tempo. Freixanes ten confesado máis dunha vez que escribe pola necesidade de explicar o mundo con palabras. O autor quere que o seu relato teña a mesma música que un cantar de cego (“...mais viven no cantar, que é a música da memoria.”). O limiar do libro convida a entrar no mundo das historias, formando un parágrafo único, procura a sensación de continuidade dos relatos orais. Nunha das moitas apelacións que o narrador lle fai ao lector solicitando a súa complicitade –“O lector debe ter claro este mundo no que nos instalamos. O relato é unha música. Tamén un río, e un vento, coa choiva a ba-

ter nos vidros (...). O relato é a memoria do que somos...”– a palabra, a historia de nós, transcende aos que foron outrora e hanos transcender aos que agora somos. O cantar devén símbolo da memoria colectiva, nun tempo en que o silencio porfiaba por afogar a voz.

Freixanes retorna ao territorio fantástico d’*O triángulo inscrito na circunferencia* (1982), que a estudosa Dolores Vilavedra cualificara como “novela total”, pola “súa potencia mítica e a súa riqueza discursiva.” Libro que fora definido tamén como poema en prosa, crónica de aventuras ou grande epopea do pobo galego.

A cidade literaria de Vilanova de Alba de *Cabalo de ouros*, que segue a ser parábola ou alegoría de Galiza, esmorece definitivamente: “Pouco a pouco, Vilanova de Alba, a nosa pequena patria, foise apagando como unha candea (...). Non deron termado dela porque as cidades, igual que as patrias, non as sosteñen as crónicas, nin a memoria, nin os papeis, senón a vontade dos homes e as mulleres que as habitan”.

Aquí están novamente as dúas cosmovisións, dualidade en confrontación eterna: vencedores e vencidos, poderosos e débiles. Capa e lapela do libro reproducen fotograficamente esta dicotomía: a cara visíbel e a cara oculta da realidade.

Por volta dunha partida de cartas mítica, que dura tres días e que enfronta dous bandos

de sete xogadores –repárese na forza simbólica dos números, máxicos, cabalísticos–, na afastada parada do Pasamundos ou do Pozo da Señora onde mora a fantasía, o autor recrea o período máis cruel e sanguinario da nosa historia (anos 40 e 50). Recreación dun tempo pretérito mais próximo, metido nas sombras máis pavorosas. Época de total impunidad para vencedores e poderosos. Tempos de silencio, de ocultación, de culpa e medo. Tempos de explotación, de corrupción e cobiiza. Tempos de fame e frío, de calamidades e atrocidades (“Houbo un tempo en que o mundo era un inferno” eran palabras da tía Encarnación). O relato vai e vén, para atrás e para adiante. E vaise tecendo con historias e lendas exemplificadoras que andan no ambiente: a historia de Matías de Amaral, o conto de Benito Silva, a historia de Fuco Fariña, a lenda do mouro de Mourente, historias de estraperlo e contrabando, a vida da xente da Banda do Río.

A obra estrutúrase en tres partes, precedidas dun longo limiar e cerradas, con alancada temporal, por un tamén longo epílogo no que historia e lembranzas, persoas e acontecementos marchan alén mar, ás acolledoras terras americanas, que se fan propias –“O barco: esoutro camiño das marabillas, o que se fai por mar, o que verdadeiramente anuncia outros mundos verdadeiros”–. Freixanes volta ao territorio americano como fixera n’*A cidade dos césaes* (1993).

Na primeira parte de *Cabalo de ouros* preséntanse os personaxes e as circunstancias vivenciais, tempos de decadencia e ruína. Os dous grandes capitáns: o don Ramiro, o cura de Boullón, e o Santiso. Paralelamente, vaise trazando a historia de amor mancado entre a moza Rosaura e o licenciado Lobeiras, poeta e contador, que ten o don da palabra fermosa que conforta e que namora a rapaza con cartas.

A segunda parte céntrase na célebre partida de cartas, batalla pola vida, na que se pon en xogo moito máis que os cartos –“O segredo do xogo, que non é xogo, senón unha batalla”–, salferida con historias da tradición oral e outras da realidade (a casa de prostitutas da Bela Romana, a explotación das minas do volframio cos presos, a crueldade dos falanxistas).

Na terceira parte, o cantar humanízase, sente como propias todas as calamidades: os paseados, os presos, os humillados, os namorados... É o momento das revelacións. As partidas dos fuxidos, como o Fuco Fariña ou Benito Silva, encarnan a subversión, a rebeldía, o romanticismo, a liberdade. A tenrura ten o sabor e a forma das mazás reinetas. O autor ten especial querenza por estes personaxes; el fora editor d’*O Fresco. Memoria dun fuxido 1936* (1980), biografía do guerrilleiro Manuel González.

O epílogo é espazo dedicado ás voces ou versións femininas, as vítimas máis sufridas e sacrificadas da historia, para que poidan desvelar os segredos agachados e matar os silencios cómplices. Reivindicación explícita da coraxe das mulleres nos anos negros dos abusos impunes. Son palabras de dona Amalia, que ten que coller o temón da súa propia vida: “unha muller, metida naquel inferno, pouco tiña que dicir, pouco tiña que facer, se non era amolarse”.

Víctor F. Freixanes segue fiel ás claves do seu universo literario: *Cabalo de ouros* é obra coral, colectiva, romance épico no que se acrecenta a sensación de diálogo narrativo entre narrador e lector. Xogo coa historia, un pé na realidade e outro na fantasía.

Na ambientación, teñen grande relevancia a chuvia e a lama, a noite e a montaña, que deitan unha sensación abafante. Crónica veraz da épica existencial dos días da calamidade humana, onde abrollan as paixóns e as baixeiras, sen sitio para os sentimentos elevados (“Pero todos eran perdedores, xente derrotada, de antes e de agora”). Aviva a lembranza de páxinas de Otero Pedrayo, Ánxel Fole, Miguel Torga, Blanco Amor.

A partida de cartas resulta espléndida metáfora do mundo e da vida, do poder e da derrota. Manda o pesimismo, ou o realismo. *Cabalo de ouros* ten toda a intensidade sonora do galope en campo aberto e todo o poder de fascinación do lume do sol. // **Delfín Caseiro**

Cabalo de ouros ·
Víctor Freixanes ·
Galaxia, 2010 ·
368 páx · 19 euros

